



Expediente: 119/2026
Asunto: resolución

Federación Galega de Xadrez

Notifícase resolución do expediente 119/2026 acordada polo pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva do 27 de agosto de 2026.

Santiago de Compostela,
A secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva

Asinado por: GARCIA GUT, MARIA SANDRA
Cargo: Secretaria do Comité Galego de Xustiza
Deportiva
Data e hora: 27/08/2026 12:18:31

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código:
CVE: OUGtBz7Pb0 <https://sede.xunta.gal/cve>





En Santiago de Compostela, a 27 de agosto de 2026, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en sesión plenaria celebrada o día da data, con relación ao **expediente núm. 119/2026** acordou por unanimidade con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Don Ignacio Sordo Touza, en representación do Clube Xadrez Café Nemenzo e Don Jose Carlos Pena Torres, en representación do Club Xadrez Algalia, presentan recurso ante o Comité contra a resolución da Xunta Electoral do 13 de agosto de 2026 (Acta 04/26), pola que se desestima a reclamación do Clube Xadrez Café Nemenzo e se mantén a inadmisión por extemporánea da súa candidatura ao estamento de entidades deportivas da Asemblea Xeral da Federación Galega de Xadrez (en adiante FGX). Recurso presentado a través da Federación Galega de Xadrez, en adiante FGX, mail da secretaria xeral para o Deporte ao Servizo Xurídico Deportivo do 20/08/2026 e mail do recorrente ante aquela e mais a FG Xadrez do 18/08/2026.

No dito recurso impúgnase a decisión da Xunta Electoral de manter a inadmisión por extemporáneas das candidaturas presentadas despois das 14.00 horas do día 4 de agosto de 2026, ao considerar os recorrentes que estas foron formuladas dentro do prazo de cinco días hábiles establecido no artigo 20.1 do Regulamento Electoral da FGX.

Os recorrentes fundamentan a súa pretensión, en síntese, nos seguintes argumentos:

- O censo electoral definitivo foi publicado o 28 de xullo de 2026, polo que o prazo de cinco días hábiles para presentar candidaturas comezaba o día 29 de xullo e remataba o 4 de agosto de 2026.
- A fixación das 14.00 horas como límite do último día reduciría o prazo de cinco días hábiles previsto no artigo 20.1 do Regulamento Electoral.
- O calendario electoral aprobado e visado pola Secretaría Xeral para o Deporte sinalaba o 4 de agosto como data de presentación de candidaturas á Asemblea Xeral, sen indicar expresamente unha hora de finalización.
- A Xunta Electoral, en resposta a unha consulta formulada previamente polo Club Xadrez Algalia, comunicou que o prazo comprendía desde o 28 de xullo ata o 4 de agosto de 2026, sen facer referencia ao seu vencemento ás 14.00 horas.
- A información facilitada pola Xunta Electoral xerou, segundo os recorrentes, unha confianza lexítima en que as candidaturas podían presentarse durante todo o día 4 de agosto.
- A inadmisión das candidaturas resultaría contraria aos principios de seguridade xurídica, boa fe e interpretación favorable ao exercicio dos dereitos de participación no proceso electoral federativo.





Con base nestes argumentos, solicitan que se deixe sen efecto a resolución impugnada e que se admita a candidatura do Clube Xadrez Café Nemenzo ao estamento de entidades deportivas da Asemblea Xeral da FGX.

II.- A resolución obxecto de impugnación foi adoptada pola Xunta Electoral da FGX o 13 de agosto de 2026 mediante a Acta 04/26, pola que se resolveron as reclamacións formuladas contra a proclamación provisional de candidaturas á Asemblea Xeral.

Na referida acta faise constar que, mediante a Acta 03/26, do 5 de agosto de 2026, foran inadmitidas por extemporáneas as seguintes candidaturas:

- Club Xadrez Albariño, polo estamento de entidades deportivas.
- Clube Xadrez Café Nemenzo, polo estamento de entidades deportivas.
- Don Alfonso Hugo García Brión, polo estamento de deportistas.

A Xunta Electoral fundamentou o mantemento das inadmisións no artigo 12.3 do Regulamento Electoral da FGX, que establece que os prazos regulados nel expiran ás 14.00 horas do día sinalado, agás disposición en contrario.

Así mesmo, considerou que nos procesos electorais federativos resulta de aplicación preferente a súa normativa específica e que as persoas interesadas en presentar candidatura teñen o deber de coñecer o Regulamento Electoral, aprobado e publicado na páxina web da Federación.

En relación coa información facilitada ao Club Xadrez Algalia, a Xunta Electoral entendeu que a comunicación na que se indicaba que o día 4 de agosto era a data límite para presentar candidaturas non modificaba a regra horaria expresamente establecida no artigo 12.3 do Regulamento Electoral.

No tocante ao escrito presentado por Don José Carlos Pena Torres, en representación do Club Xadrez Algalia, a Xunta Electoral considerou que a dita entidade non era parte directamente interesada nas candidaturas inadmitidas e que, polo tanto, non estaba lexitimada para formular reclamación. Non obstante, procedeu a examinar o seu escrito por conter unha petición coincidente coa formulada polas persoas e entidades directamente afectadas.

En consecuencia, a Xunta Electoral acordou manter a inadmisión por extemporáneas das tres candidaturas relacionadas anteriormente.

III. O CGXD admitiu a trámite o recurso co número 119/2026 na súa sesión do 26 de agosto de 2026, acordando que, de conformidade coa normativa aplicable en materia electoral federativa, se tramitase polo procedemento regulado nos artigos 55 e seguintes do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva e nomeando a Dona Beatriz Méndez Seijo como instrutora.

FUNDAMENTOS DE DEREITO





Primeiro.- Competencia e procedemento.

O Comité Galego de Xustiza Deportiva é o órgano competente para coñecer e resolver o presente recurso, de conformidade co marco normativo establecido pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Así, o artigo 93 da citada norma establece de xeito taxativo:

«1. O Comité Galego de Xustiza Deportiva é competente para coñecer dos actos que se produzan relativos a: [...]c) Control das decisións ditadas nos procesos electorais polos órganos competentes das federacións deportivas de Galicia, incluída a súa convocatoria e o regulamento aprobado pola asemblea xeral federativa, polo procedemento previsto nos artigos 55 e seguintes do Decreto 120/2013.»

En canto ao procedemento aplicable, a Lei 3/2012 remite ao seu desenvolvemento regulamentario, constituído neste ámbito polo Decreto 120/2013. En consecuencia, o presente recurso debe tramitarse conforme ao procedemento especial en materia electoral federativa regulado nos artigos 55 e seguintes do citado decreto, xunto coas das disposicións substantivas e procedementais previstas no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, e no Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez.

No caso que nos ocupa, o recurso interponse contra unha resolución expresa da Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez (Acta nº 4, do 13 de agosto de 2026), e foi presentado o 16 de agosto de 2026, cumprindo cos requisitos de prazo establecidos na normativa anteriormente citada.

Segundo.- Lexitimación.

De conformidade co disposto no artigo 56 do Decreto 120/2013 (cuxo contido reproducen o artigo 51.2 do Decreto 16/2018 e o artigo 33 do Regulamento Electoral da FGX) está lexitimado para interpoñer recurso electoral quen fose parte na impugnación previa ante a xunta electoral federativa e as persoas directamente interesadas polo acordo ou resolución impugnada.

No que atinxe ao Clube Xadrez Café Nemenzo, a súa lexitimación activa resulta indubidable. A resolución recorrida mantén a inadmisión por extemporánea da súa candidatura ao estamento de entidades deportivas da Asemblea Xeral da FGX, polo que afecta de maneira directa e inmediata ao seu dereito de participación no proceso electoral federativo. Ademais, a entidade formulou reclamación previa contra a proclamación provisional de candidaturas, que foi desestimada pola Xunta Electoral mediante a Acta 04/26, do 13 de agosto de 2026. Concorren, polo tanto, os





dous títulos de lexitimación previstos na normativa aplicable: ter sido parte na impugnación previa e resultar directamente afectada pola resolución recorrida.

Distinta é a situación do Club Xadrez Algalia. A candidatura desta entidade foi admitida e incluída na proclamación provisional, polo que a resolución impugnada non restrinxe nin prexudica o seu dereito de sufraxio activo ou pasivo, nin afecta de maneira directa a ningún outro dereito ou interese lexítimo propio. A súa pretensión diríxese exclusivamente a obter a admisión de candidaturas presentadas por outras persoas e entidades, sen que conste que actúe na súa representación ou que a exclusión destas lle ocasione un prexuízo directo e diferenciado do interese xeral no correcto desenvolvemento do proceso electoral.

O feito de que a Xunta Electoral se pronunciase sobre o escrito presentado polo Club Xadrez Algalia non lle atribúe automaticamente lexitimación para interpoñer recurso ante este Comité. Na propia Acta 04/26, a Xunta Electoral declarou expresamente que a entidade non era parte interesada nas candidaturas inadmitidas e que, por conseguinte, carecía de lexitimación para impugnar a súa exclusión. O exame material do seu escrito realizouse unicamente porque a solicitude formulada coincidía coa pretensión das candidaturas directamente afectadas, sen que esa actuación supuxese recoñecerlle a condición de parte lexitimada.

En consecuencia, procede recoñecer a lexitimación activa do Clube Xadrez Café Nemenzo para impugnar a resolución da Xunta Electoral do 13 de agosto de 2026 e, pola contra, inadmitir o recurso interposto por Don José Carlos Pena Torres, en representación do Club Xadrez Algalia, por falta de lexitimación activa.

Terceiro.- Resolución.

O presente recurso suscita tres cuestións. En primeiro lugar, debe determinarse se o prazo para presentar candidaturas finalizaba ás 14.00 horas do día 4 de agosto de 2026 ou se permanecía aberto ata as 23.59 horas. En segundo lugar, debe analizarse se a información facilitada pola Xunta Electoral ao Club Xadrez Algalia xerou unha confianza lexítima que permita considerar presentada en prazo a candidatura do Clube Xadrez Café Nemenzo. Finalmente, cómpre examinar se a inadmisión da candidatura resulta compatible cos principios de seguridade xurídica e boa fe e coa interpretación favorable ao exercicio dos dereitos de participación no proceso electoral federativo.

i. Sobre a finalización do prazo para presentar candidaturas.

O artigo 20.1 do Regulamento Electoral da FGX establece un prazo de cinco días hábiles, contados desde a publicación do censo definitivo, para presentar as candidaturas á Asemblea Xeral. Pola súa banda, o artigo 12.3 do mesmo regulamento dispón expresamente que os prazos do calendario sinalados por días «*expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario*». Esta previsión reproduce a regra establecida no artigo 19.3 do Decreto 16/2018,





segundo o cal os prazos do calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, rematarán ás 14.00 horas do último día. Trátase dunha norma específica dos procesos electorais federativos, clara tanto respecto do seu ámbito de aplicación como da hora de vencemento.

Non existe contradición entre a duración do prazo de cinco días hábiles e a súa finalización ás 14.00 horas do derradeiro día. O artigo 20.1 determina a duración do prazo, mentres que os artigos 19.3 do Decreto 16/2018 e 12.3 do Regulamento Electoral concretan a hora exacta en que se produce o seu vencemento. Ambas as previsións son complementarias e deben aplicarse conxuntamente.

Tampouco o feito de que o calendario electoral se limite a sinalar o 4 de agosto como data para presentar candidaturas permite entender que o prazo permanecese aberto ata as 23.59 horas. O calendario non pode interpretarse de maneira illada, senón integrado coas regras xerais de cómputo previstas no Decreto 16/2018 e no propio Regulamento Electoral. A ausencia dunha referencia expresa á hora no calendario non constitúe unha disposición en contrario nin deixa sen efecto o límite das 14.00 horas establecido nas normas aplicables.

En consecuencia, ao ter sido presentada a candidatura do Clube Xadrez Café Nemenzo despois das 14.00 horas do día 4 de agosto de 2026, debe considerarse extemporánea, polo que a decisión da Xunta Electoral de inadmitila resulta conforme coa normativa electoral aplicable..

ii. Sobre a confianza lexítima.

O Clube Xadrez Café Nemenzo sostén que a información facilitada pola Xunta Electoral ao Club Xadrez Algalia xerou a confianza lexítima de que o prazo para presentar candidaturas permanecía aberto ata as 23.59 horas do día 4 de agosto de 2026.

Non obstante, as comunicacións examinadas non conteñen unha afirmación expresa neste sentido. A Xunta Electoral indicou que o prazo comprendía desde o 28 de xullo ata o 4 de agosto e que esta última era a data límite, pero non afirmou que puidesen presentarse candidaturas despois das 14.00 horas. A información facilitada foi incompleta respecto da hora de vencemento, mais non contradixo expresamente a regra establecida nos artigos 19.3 do Decreto 16/2018 e 12.3 do Regulamento Electoral.

Ademais, a primeira resposta da Xunta Electoral remitiu ao interesado ao Regulamento e ao calendario electoral visados. . A normativa aplicable era, polo tanto, pública e accesible e establecía de maneira expresa que o prazo finalizaba ás 14.00 horas.





A confianza lexítima require unha actuación administrativa suficientemente clara, concreta e concluínte que xere unha expectativa razoable no seu destinatario. Non pode fundamentarse na mera ausencia dunha referencia horaria nunha comunicación informativa, especialmente cando existe unha norma expresa e publicada que establece a hora de finalización do prazo.

Neste sentido, o Tribunal de l'Esport de les Illes Balears, no seu Acordo do 29 de abril de 2026, ditado no expediente 11/2026, considerou que unha comunicación informal realizada por correo electrónico non constitúe un acto con efectos xurídicos vinculantes capaz de deixar sen efecto a normativa aplicable, e destacou o deber de dilixencia das entidades deportivas na comprobación das regras que rexen a súa actuación. Aínda que esta resolución non resulta vinculante para este Comité e se refire a un suposto disciplinario distinto, o seu razoamento resulta trasladable á imposibilidade de que unha resposta informativa modifique unha regra electoral expresa.

En consecuencia, a información facilitada pola Xunta Electoral ao Club Xadrez Algalia non xerou no Clube Xadrez Café Nemenzo unha confianza lexítima susceptible de deixar sen efecto o límite das 14.00 horas..

iii. Sobre a seguridade xurídica, a boa fe e a interpretación favorable á participación electoral.

A entidade recorrente invoca os principios de seguridade xurídica e boa fe, así como a necesidade de interpretar a normativa no sentido máis favorable ao exercicio dos dereitos de participación no proceso electoral federativo.

Porén, estes principios non permiten deixar sen aplicación unha regra expresa. A interpretación favorable á participación electoral pode operar cando existan dúbidas ou varias interpretacións razoablemente posibles, pero non autoriza a descoñecer un prazo claramente establecido nin a considerar dentro de prazo unha actuación realizada despois do seu vencemento.

Neste caso, os artigos 19.3 do Decreto 16/2018 e 12.3 do Regulamento Electoral da FGX determinan de forma coincidente que os prazos rematan ás 14.00 horas do derradeiro día. A aplicación uniforme desta regra a todas as candidaturas garante precisamente a seguridade xurídica, a igualdade entre as persoas participantes e a previsibilidade do proceso electoral.

Do mesmo xeito, o principio de boa fe non permite exceptuar individualmente o cumprimento dunha norma coñecida e publicada, salvo que concorran actuacións inequívocas do órgano electoral capaces de xerar unha confianza lexítima, circunstancia que, polas razóns expostas no fundamento anterior, non resulta acreditada.





O dereito de participación no ámbito federativo debe exercerse conforme ás condicións, requisitos e prazos previstos na normativa electoral. A esixencia de presentar as candidaturas dentro do prazo establecido non constitúe un formalismo desproporcionado, senón unha regra esencial para asegurar a ordenación, igualdade e continuidade do proceso electoral.

En consecuencia, a inadmisión da candidatura presentada despois das 14.00 horas non vulnera os principios invocados, senón que constitúe a consecuencia da aplicación dunha norma vinculante que debера ser coñecida por todas as persoas e entidades participantes.

En virtude de todo o exposto, **o Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva, por unanimidade, ACORDA: inadmitir, por falta de lexitimación activa, o recurso electoral 119/2026 interposto por Don José Carlos Pena Torres, en representación do Club Xadrez Algalia, e desestimar o recurso interposto por Don Ignacio Sordo Touza, en representación do Club Xadrez Café Nemenzo, fronte á resolución da Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez do 13 de agosto de 2026, recollida na Acta 04/26, confirmando a inadmisión por extemporánea da candidatura presentada polo Clube Xadrez Café Nemenzo ao estamento de entidades deportivas da Asemblea Xeral.**

Notifíquese ás persoas interesadas, facéndolles saber a todos eles que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra ela cabe recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2026.
O Pleno do Comité Galego de Xustiza de Deportiva
P.O. A secretaria

